

## ACTA N° 02/09

### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 12 DE XANEIRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

##### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.  
D. Arturo González Pérez.  
D. Víctor Manuel Pastoriza Lino.  
Daniel Rodas Chapela.  
D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 12 de xaneiro de 2009, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

#### **1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.**

Dáse conta do borrador da acta da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local número 01/09, do 07/01/09, e a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar dita acta.

#### **2.- LICENZAS DE OBRAS**

Vistos os expedientes instruídos a instancia dos interesados que de seguido se relacionan e examinado o informe do técnico e do secretario municipais, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda conceder a licenza de obra, que será efectiva, no seu caso, a partir da licenza de primeira ocupación, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia subxección aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes, e tras o pagamento das taxas correspondentes.

**2.A) EXPTE. 112/08 – D. FRANCISCO PIÑEIRO ARGIBAY** presenta proxecto básico e execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no barrio do Latón, nº 251 – Meira, de conformidade co proxecto presentado, redactado polo arquitecto técnico D. Manuel Rosales Rial, visado na data 16.04.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 5 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** REHABILITACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico e de execución.

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 3 de decembro do 2008 para Ordenanzas 2.

Non require informes sectoriais.

Cédese 40,58M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe 608,70 euros, contía que responde os gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Parcela con superficie, según escrituras, de 460,00 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenz condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

Á presente licenza aplícaselle o disposto na Lei 9/2002, disposición transitoria primeira 1.b) por ser solo urbano con planeamento aprobado ao abeiro da Lei 11/1985.polo tanto, non adaptado a Lei 1/1997 por reunir as condicións do artigo 12.a) da Lei 9/2002 para a condición de soar.

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	1.818,15 €
Taxas licenza urbanística.....	162,33 €
Cartel de obra.....	110,00 €

**2.B) EXPTE. 107/08 – D. JOSÉ LUIS SANTOMÉ BOUBETA** presenta proxecto básico de vivenda unifamiliar aillada, a situar no barrio da Marrúa, de conformidade co proxecto presentado redactado polo arquitecto D. Javier Rial Lemos, visado na data 09.04.2008.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 7 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** BÁSICO DE VIVENDA UNIFAMILIAR

**INFORME TÉCNICO:** **Procede licenza** por resultar compatible coa normativa urbanística.

Proxecto básico, non será edificado en tanto non se presente proxecto de execución

No expediente consta a acta de replanteo para o sinalamento da alineación, fixación de cesións e fianza subscrita polo arquitecto técnico municipal con data de 3 de decembro do 2008 para Ordenanzas 7.

Non require informes sectoriais.

Cédese 155,76M/2, resultado de aplicar a afección do sistema viario sobre a parcela co obxecto de incorporalo a este.

Constitúese fianza por un importe de 357,25 euros, contía que responde aos gastos de urbanización simultánea a acometer polo peticionario..

Parcela con superficie, segundo escrituras, de 1050,76 M/2.

No expediente consta o estudo básico de seguridade e saúde.

A eficacia desta licenza condiciónase a ter rematadas as obras de edificación e urbanización simultánea en prazo; para recibir estas ultimas polo concello e facultar a conexión coas infraestruturas correspondentes levaranse a cabo obtendo a licenza de primeira ocupación antes do primeiro uso.

Notas pro informe xurídico:

A presente licenza aplícase as determinacións dispostas na Lei 9/2002 reformada pola 15/2004 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA), disposición transitoria primeira 1, e) para núcleo rural da LOUGA. .

### **Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción.....	2.963,31 €
Taxas licenza urbanística.....	370,41 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Conexión sumidoiros.....	180,00 €

**2.C) EXPTE. 293/08 – CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DELEGACIÓN PROVINCIAL**, presenta proxecto de *Eliminación parcial de barreiras arquitectónicas no C.E.I.P. de Reibón-Moaña*, sito no lugar da Xunqueira, nº 17, do barrio da Ribeira-Moeira, de conformidade co proxecto presentado, redactado pola arquitecta D.<sup>a</sup> Rosario Dalama Rodríguez, supervisado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia (PO-41/08).

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 8 de xaneiro de 2008, que literalmente di:

**INFORME: Procede licenza** de acordo coas determinacións do PROXECTO DE ELIMINACIÓN PARCIAL DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS NO C.E.I.P. REIBÓN promovido pola Delegación de Pontevedra da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a executar no centro citado sito na R/ Xunqueira. Meira

### **3.-PECHE**

[Auséntase o concelleiro D. Víctor Pastoriza]

Visto o expediente instruído a instancia do interesado que de seguido se relaciona e examinado o informe do técnico, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos señores asistentes, acorda conceder a licenza de peche, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circia suxeición ós condicionamentos establecidos no devandito informe, e tralo pagamento das taxas correspondentes.

**EXPTE. 001/09, D. MANUEL PASTORIZA RODRÍGUEZ**, presenta croquis, orzamento e solicita licenza de obra para cambio de ladrillo artístico por muro de pedra

do pais abuxardada a dúas caras, a lindantes, cunha lonxitude de 21,50 x 1,45 m. de altura, no lugar de Fanequeira, nº 54, do barrio da Guía-Meira, de conformidade coa documentación presentada.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do día 9 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PECHE A LINDANTES

**INFORME:** **Procede licenza.**

Non require informes sectoriais.

A altura máxima dende a rasante será de 2,00 metros.

**Liquidación provisoria de tributos**

Imposto s/construción ..... 102,31 €

Taxas licenza urbanística ..... 65,00 €

[Reincorpórase o concelleiro sr. Pastoriza]

**4.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS.**

**4.A) CADUCIDADE DE LICENCIA**

Dase conta da proposta feita polo delegado de Urbanismo de data 12 de Xaneiro do 2.009, que literalmente dí:

**“ASUNTO:** DE EXPEDIENTE PARA A **DECLARACION DE CADUCIDADE DA LICENZA DE OBRAS CONCEDIDA Á ENTIDADE MERCANTIL “RIQUEL P. PROMOTORA, S.L.”** POLAS COMISIÓNS MUNICIPAIS DE GOBERNO EN SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 26 DE OUTUBRO DE 1998, 2 DE NOVEMBRO DE 1998 E 3 DE NOVEMBRO DE 2003 NO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO 127/98 PARA A CONSTRUCCION DE VIVENDA UNIFAMILIAR NA PARCELA 4, SITUADA NO PIÑEIRO, DE ACORDO CO PROXECTO DO ARQUITECTO DON ENRIQUE ACUÑA FERNANDEZ.

Considerando que por medio do informe do Inspector de Obras Municipal, don Carlos Loureiro Fervenza, de data 9 de xaneiro de 2009, ponse de manifesto “que na parcela n 4, existe a estrutura de formigón de baixo e pranta para vivenda unifamiliar”.

Considerando que en aplicación do disposto no Art. 197 da Lei 09/2002, de ordenación urbanística e protección do Medio Rural de Galicia referente a “caducidade das licenzas”, dispón:

“197.3. A caducidade será declarada pola Administración municipal previo procedemento con audiencia do interesado. Non obstante, transcorridos tres anos dende o outorgamento da licenza sen que se tivesen iniciado as obras se entenderá caducada automaticamente por ministerio da lei e non poderán iniciarse as obra sen obter nova licenza axustada á ordenación urbanística en vigor”.

Considerando que no trámite de audiencia non se presentan alegacións por ningún dos interesados.

Considerando que no referente ao prazo de execución da licenza concedida, o artigo 197.1 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, texto modificado por Lei 15/2004 (LOUGA), dispón:

“Artigo 197. Caducidade das licenzas.

“1. No acto de otorgamento da licenza se determinarán os prazos de caducidade das licenzas de edificación por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa da interrupción das mesmas.

“No seu defecto, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses

Que, no caso máis favorable para o interesado, as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento das provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, publicadas no Diario Oficial de Galicia de 19.06.1991 e en vigor desde o día seguinte, dispón no seu artigo 32.6 que o prazo:

“Todas as licenzas terán un prazo para comezar as obras proxectadas e outro para a súa finalización. En caso de que as licenzas non especificasen estes prazos se aplicarán os seguintes:

.Un ano para comezar as obras.

.Tres anos para terminalas.

Estes prazos computaranse a partir da data de notificación da licenza.”

Considerando.- Que, en consecuencia, o prazo para terminar a obra venceu polo transcurso de tres anos desde a notificación do acordo de concesión de licenza de obras.

A actuación municipal levouse a cabo con estrito cumprimento dos requisitos xurisprudencialmente esixidos para declarar a caducidade das licenzas urbanísticas, incoando un procedemento dirixido á declaración formal e expresa da caducidade e outorgando audiencia previa ao interesado.

En consecuencia, **PROPOÑO:**

Declarar a caducidade da licenza de obras concedida á entidade mercantil “RIQUEL P. PROMOTORA, S.L.” polas comisións municipais de goberno en sesións realizadas os días 26 de outubro de 1998, 2 de novembro de 1998 e 3 de novembro de 2003 no Expediente Administrativo 127/98 para a construción de vivenda unifamiliar na parcela 4, situada no Piñeiro, de acordo co proxecto do arquitecto DON ENRIQUE ACUÑA FERNANDEZ.

Moaña, 12 de xaneiro de 2009

O CONCELEIRO DELEGADO DE URBANISMO

Asdo.: Valentín Piñeiro González”

A Xunta de Goberno, a vista do contido da proposta, por unanimidade dos membros asistentes, acorda Declarar a caducidade da licenza de obras concedida á entidade mercantil “RIQUEL P. PROMOTORA, S.L.” polas comisións municipais de goberno en sesións realizadas os días 26 de outubro de 1998, 2 de novembro de 1998 e 3 de novembro de 2003 no Expediente Administrativo 127/98 para a construción de vivenda unifamiliar na parcela 4, situada no Piñeiro, de acordo co proxecto do arquitecto DON ENRIQUE ACUÑA.

#### **4.B) PROXECTO DE EXECUCIÓN DE CONSTRUCCIONES BAUTISTA VIDAL GREGORE S.L.**

Vista a solicitude de D. BAUTISTA VIDAL, en nome e representación de CONSTRUCCIONES BAUTISTA VIDAL GREGORE, S.L. na que presenta proxecto de execución de dúas vivendas unifamiliares pareadas, visado no 5 de decembro de 2009, correspondente ao expediente nº 152/07,

Dáse conta do informe do aparellador municipal do 7 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

**ASUNTO:** PRESENTACIÓN PROXECTO DE EXECUCIÓN

Tómase en coñecemento aos efectos oportunos da presentación do proxecto de execución relativo ao expediente 152/07 ordeándose o seu arquivo en conxunto co inicial proxecto básico polo cal se lle otorgou a licencia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda **aprobar o informe do aparellador municipal e ordenar o arquivo do proxecto de execución conxuntamente con básico aprobado en EXPTE. OBRA Nº 152/2007.**

#### **5.- LICENZA DE ACTIVIDADE**

**EXPTE. 03/06 – MARIANA DE JESÚS CASTRO REYES** solicita licenza de apertura para taberna no barrio de Ameixoadá, 39 A, Moaña.

Dáse conta do informe do aparelador municipal do 7 de xaneiro de 2009, que textualmente di:

**ASUNTO:** COMPROBACIÓN DE LICENZA DE ACTIVIDADE CLASIFICADA PARA APERTURA DE INSTALACIÓN DESTINADA A TABERNA

**INFORME:**

Ante o acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o día 09 de xuño do 2008 conforme procedía a licenza de actividade clasificada con uso de TABERNA promovida por Mariana de Jesús Castro Reyes quedando a expensas do cumprimento integro do acordo; efectuada pola Inspección de Obras a visita de comprobación determinada no Artigo 34 do RAMINP conforme a instalación se axusta as determinacións do expediente, **procede o inicio da actividade.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a licenza de actividade clasificada para con uso de TABERNA, promovida por D.<sup>a</sup> MARIANA DE JESÚS CASTRO REYES, de acordo co informe do aparelador municipal.

**6.- CESIÓN GRATUÍTA DE TERREOS AO CONCELLO PARA AMPLIACIÓN E CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS.**

D. FERNANDO RÚA ESTÉVEZ, con domicilio na rúa do Pico nº 18, do barrio da Ribeira – Meira, cede gratuíta e voluntariamente ao Concello de Moaña a superficie de 255,25 m<sup>2</sup>, para a ampliación e construción de beirarrúas, no ensanche do vial do Rosal de acceso ao Instituto da Paralaia, do barrio do Redondo, e pide que o Concello se comprometa a construírlle o muro de contención de terras polo fronte da fachada ata a rasante do mentado vial de acceso ao Instituto da Paralaia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aceptar a cesión de 255,25 m<sup>2</sup> de superficie de D. FERNANDO RÚA ESTÉVEZ sita no ensanche do vial do Rosal de acceso ao Instituto da Paralaia, do barrio do Redondo, e comprométese a construírlle o muro de contención de terras polo fronte da fachada ata a rasante do mentado vial de acceso ao Instituto da Paralaia; acorda tamén que a superficie cedida lle computará a efectos de edificabilidade.

**7.- PROPOSTA DE GASTOS**

Visto o disposto no artigo 95 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, que se definirán pola súa contía de conformidade co artigo 122.3, e nos que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto, a incorporación ao mesmo da factura correspondente que reúna os requisitos regulamentariamente establecidos e no contrato menor de obras, ademais, o presuposto das obras, sen prexuízo da existencia do proxecto cando normas específicas o requiran.

Vista a proposta de gasto que se detalla a continuación,

DEPARTAMENTO	CONCEPTO	PROVEDOR	PARTIDA	IMPORTE
MEDIO AMBIENTE E MAR	CONTROL DE PLAGAS NO CONCELLO DE MOAÑA	AGRONERGA	4130-22700 RC 3	2.000,00€
CIM	PUBLICIDADE EXPOSICIÓN CAMELIA EN DOMAIO	ARTES GRÁFICAS RÍAS BAIXAS	3130-22614 RC 4	158,45 €

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para gastos que a proposta da Concellería de facenda se efectúan nas partidas mencionadas,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta de gasto, autorizando e comprometendo o gasto tal e como se reflicte na táboa.

## 8.- APROBACIÓN DE PAGO DE BOLETÍNS OFICIAIS

Vista a necesidade de que o Concello se subscriba ao “BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” e as normas para a súa subscrición,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga por importe de 102,96 euros, con cargo á partida 1210.22001 RC 2, en concepto de subscrición BOP ano 2009.

## 9.- AXUDA EMERXENCIA SOCIAL

Visto o informe da traballadora social do Concello de data 7 de xaneiro de 2009, que literalmente di:

Que unha vez estudada a situación socio familiar da veciña deste concello Dna. **Cesarina Ferrer Cancelas**, co DNI nº 32.661.685 Y e ante a situación de emerxencia provocada como consecuencia do incendio da súa casa; considérase procedente a concesión por parte do concello dunha axuda económica para o pago dos gastos de aluguer por importe de 1.800 €.

Os datos que avalan a situación socio familiar constan no expediente aberto no departamento de servizos sociais.

O importe desta axuda, será imputado á partida de Emerxencia Social.

Vista a existencia de crédito orzamentario suficiente e adecuado no orzamento para o ano 2009 acreditado pola retención de crédito para este gasto que se efectuou na partida 2009-3130-48001, núm. documento contable RC 1,

Vistas as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por resolución da Alcaldía de 18 de xullo de 2007,



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda recoñecer a obriga a favor de Dna. **Cesarina Ferrer Cancelas** por un importe de 1.800 € con cargo á partida 3130-48001, núm. de documento RC 1, en concepto de **axuda de emerxencia social para axudarlle ao pagamento do aluguer**, polas razóns expostas no informe da traballadora social municipal.

## **10.- PRÓRROGA CONTRATO DO SERVIZO MUNICIPAL DE AXUDA NO FOGAR**

O 30 de xaneiro de 2007, o Concello asina contrato ca empresa ALDAO GONZÁLEZ SUSANA S.L.N.E. (NA CASA) para a prestación do servizo de aistencia a domicilio do Concello de Moaña.

En data 11 de decembro de 2008, a empresa ALDAO GONZÁLEZ SUSANA S.L.N.E. (NA CASA) solicita prórroga do contrato polo prazo de dous anos e a revisión de prezos de acordo ca suba do IPC .

En data 9 de decembro de 2008 a traballadora social deste Concello emite informe sobre a conveniencia de prorrogar o contrato ata o momento en que entre en vigor a normativa autonómica á que deberá de adaptarse a Ordenanza Local de axuda no fogar.

Vistos os informes da Secretaría de data 9 de xaneiro de 2009 e de Intervención de data 12 de xaneiro de 2009, onde sinalan a previsión da lei e dos pregos dunha opción de prórroga do contrato por un período de dous anos.

A Xunta de Goberno, por unanimidade das persoas asistentes, acorda:

**PRIMEIRO.-** Aprobar unha prórroga polo prazo de seis meses, dende o 31 de xaneiro ata o 30 de xullo de 2009, dadas as previsións de entrada en vigor da nova normativa autonómica á que deberá de adaptarse a Ordenanza Local de axuda no fogar, tendo en conta que a prórroga polo prazo de dous anos nos termos actuais suporía no seu momento unha incompatibilidade ca normativa en vigor.

**SEGUNDO.-** Acordar a revisión de prezos do contrato conforme ao previsto na cláusula sete dos pregos, aplicándose un incremento anual igual ao do IPC galego.

## **11.- SEGUNDA RELACIÓN DE PROPOSTAS FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL.**

Á vista do Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local que ten por obxecto aumentar o investimento público no ámbito local mediante o financiamento de obras de nova planificación e execución inmediata a partires de comezos do 2009 e que sexan competencia das entidades locais.

Á vista da Resolución de 9 de decembro de 2008 polo que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local creado polo Real Decreto-Lei 9/2008 de 28 de novembro, Resolución que determina entre outros

condicionantes que cada unha das obras propostas deberá ter un valor estimado inferior a cinco millóns de euros sen IVE e que as solicitudes deberán presentarse entre o 10 de decembro de 2008 e 24 de xaneiro de 2009.

En Xunta de Goberno de data 7 de xaneiro de 2009, acordouse remitir ao Ministerio de Administracións Públicas a primeira relación de propostas.

Á vista dos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar a segunda relación de propostas de proxectos de obra a incluír no Fondo Estatal de Investimento Local:

- **2ª RELACIÓN DE PROXECTOS FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL:**

- Proxecto de Construcción de dous campos de Fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 295.817,19 euros. IVE: 47.330,87 euros. Total: 343.148,78 euros.

- Proxecto de Reforma do paseo marítimo da Praia (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 431.032,75 euros. IVE: 68.965,24 euros. Total: 499.977,99 euros.

- Proxecto de Instalación de alumeado público entre a Cerradiña e A Devesa (Domaio-Moaña). Orzamento de execución por contrata de 86.206,90 euros. IVE: 13.793,10. Total: 100.000,00 euros

- Proxecto de Instalación de alumeado público en O Pombal-Couso (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 86.206,90 euros. IVE: 13.793,10. Total: 100.000,00 euros.

- Proxecto de Instalación de alumeado público entre O Portal do Almacén e Broullón (Moaña). Orzamento de execución por contrata de 86.206,90 euros. IVE: 13.793,10. Total: 100.000,00 euros.

- Proxecto de acondicionamento de parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña. Orzamento de execución por contrata de 86.206,90 euros. IVE: 13.793,10. Total: 100.000,00 euros.

- Proxecto de Sinalización vertical e turística do Concello de Moaña. Orzamento de execución por contrata de 43.103,00 euros. IVE: 6.896,55. Total: 49.999,55 euros.

- Proxecto de acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña. Orzamento de execución por contrata de 74.886,88 euros. IVE: 11.981,90. Total: 86.868,78 euros.

Asemesmo a Xunta de Goberno acorda cumprimentar as citadas propostas ca documentación requirida na normativa anteriormente citada e remitilos ao Ministerio de Administracións Públicas.

## **12.- SOLICITUDE DE CONCESIÓN DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE EN A XUNQUEIRA A-II.**

Estando en tramitación os Proxectos de Urbanización dos Polígonos I e II do Solo Urbanizable Sectorizado A Xunqueira A-II e á vista o informe emitido pola Dirección Xeral de Costas durante a tramitación do Plan de Sectorización, con data 1 de marzo de 2005, en que sinala que “tales usos y las obras que en su caso hubiera que realizar en ejecución del Plan estarán condicionadas al buen fin del oportuno expediente concesional que habrá de incoarse en todo caso, sin que el presente informe suponga autorización administrativa suficiente para dicho propósito”; vista a documentación técnica aportada e a Memoria asinada polo Arquitecto Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23 de xuño de 2008, acordou aprobar a Memoria e solicitar da Dirección General de Costas, a concesión administrativa do solo de dominio público marítimo-terrestre incluído no ámbito do Plan de Sectorización A Xunqueira A-II, dunha superficie total de 6.042,71 m<sup>2</sup>, por un período de 30 anos, ao abeiro dos arts. 64 e 66 da Lei 22/1988 de Costas e 129.1 e 131 do seu Regulamento.

Visto o escrito remitido polo Servizo Provincial de Costas de Pontevedra do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino, nº de rexistro de entrada de 4 de novembro de 2008, no que require deste Concello, para iniciar o trámite regulamentario de concesión administrativa do solo de dominio público marítimo-terrestre incluído no ámbito do Plan de Sectorización A Xunqueira A-II a presentación do correspondente proxecto de obras de referencia, así como informe medioambiental ou certificado da súa non necesariedade e informe da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- Aprobar o Proxecto de Urbanización dos terreos de dominio público marítimo terrestre no ámbito da Xunqueira A-II, con vistas á solicitude de concesión administrativa nos referidos terreos.
- Remitir copia á Consellería de Medio Ambiente para informe medioambiental ou certificado da súa non necesariedade.
- Remitir copia á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para e misión de informe.

### **13.- TRÁFICO**

**13.A)** Visto o informe do inspector-xefe da Policía local de Moaña do 6 de xaneiro de 2009 co visto e praxe da concelleira de Mobilidade, no que se recolle que na estrada EP-1102 (Meira - Fraga), os pasos de peóns están semiborrados, e os resaltes non son visibles xa que nalgún non hai sinalización, polo que sería conveniente que por parte de quen lle corresponda se sinalicen e procedan ao pintado para evitar algún tipo de accidente ou dano nalgún vehículo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda trasladarlle o informe á Deputación de Pontevedra, administración titular do servizo, para que proceda ao pintado.

**13.B)** Visto o informe do inspector-xefe da Policía local de Moaña do 7 de xaneiro de 2009, co visto e praxe da concelleira de Mobilidade, no que se recolle que sería conveniente a colocación do sinal vertical de detención obrigatoria “STOP” (R-2), no

cruce de acceso dende a saída do Corredor cara a EP-1104 (Porta do Cego-Coiro) no lugar da Ameixoadá (acompaña fotografía).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta.

**13.C)** Visto o informe do inspector-xefe da Policía local de Moaña do 29 de decembro de 2008, co visto e prace da concelleira de Mobilidade, no que se recolle que se veñen recibindo queixas dos veciños do camiño de baixada a Boucieira (en Isamil, fronte o camiño que sube ao Lourido), por mor dos vehículos que estacionan a carón dos chalés de nova construción, que dificultan o paso dun vehículo por outro nunha curva. Tamen recolle o informe que nese lugar o Concello retirou hai certo tempo un poste da luz a fin de ampliar a calzada, pero hai veciños que utilizan esa zona como estacionamento. Sería conveniente sinalizar o lugar cun sinal de Prohibido Estacionar.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta e sinalizar o devandito lugar cun sinal de Prohibido Estacionar.

**13.D)** Vista a proposta da concelleira de mobilidade do 12 de xaneiro de 2009 que di:  
se lle comunique á ORAL que lle faga a devolución do importe de 137,08 euros, que é a cantidade que lle embargaron a Ana M<sup>a</sup> Bernárdez Pereira por non pagar o vado con placa n<sup>o</sup> 50 na rúa Concepción Arenal n<sup>o</sup> 220 do ano 2005. Esta veciña ten recibos conforme desde o ano 1996 está pagando entrada de vehículos pero non o vado, xa que o deu de baixa nesa fecha, polo tanto propoño que se lle comunique ó ORAL o antes posible esta baixa e a devolución do importe antes mencionado na entidade de Caixagalicia no n<sup>o</sup> XXXX XXXX XX XXXXXXXXXXXX a nome de Ana M<sup>a</sup> Bernárdez, para que se regularice está situación o antes posible.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a devolución solicitada.

#### **14.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO**

Á vista da solicitude presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a que se relaciona a continuación.

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas	Informe favorable
CONSTRUCCIONES MAR DE MOAÑA, S.L.	Auga para construción	r/ Arenal, 188 - 190	Taxas dereitos conexión..... 60 € Fianza ..... 150 €	Aqualia

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 19:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.